

**ACTA DA ASEMBLEA DA ANPA DO COLEXIO DOUTOR FLEMING,
CELEBRADA O DÍA 19 DE NOVEMBRO ÁS 18.15 HORAS NO SALÓN DE
ACTOS DO I.E.S. DO CASTRO**

...Lectura e aprobación da acta anterior.

Lida a acta é aprobada por unanimidade.

...Informe das actividades realizadas no curso 2002-2003.

O presidente fai lectura do informe de actividades, que é aprobado por unanimidade. Algúns pais cuestionan os problemas que xurdiron o presente ano en futbito, porque o número de alumnos inscrito non foi suficiente para que se realizase esta actividade, e os pais non se deron avisados a tempo. A dirección da Anpa expón que ese problema é deste ano, polo que ten que ser tratado noutro punto do orde do día, e que de tódolos xeitos a solución pasa por ter mais voluntarios para organizar as actividades, e pensa que con colaboración será posible facer mellor as cousas para o próximo curso.

...Balance de contas do curso 2002-2003

Apróbbase por unanimidade, tras facer as aclaracións pertinentes sobre algunhas partidas de gastos. Axuntase copia a esta acta.

...Renovación de cargos da Xunta Directiva.

O grupo de persoas que a continuación reseñamos preséntase voluntariamente como candidatura para ocupar os distintos cargos e asumir as tarefas asignadas. A candidatura e aclamada unanimemente por tódolos socios da Anpa presentes na reunión.

Presidenta	Carmen Leboreiro Malvar
Vicepresidente	Alberto Irisarri Castro
Secretaría	Blanca Campo Arroyo
Vicesecretaría	Antonia González de Dios
Tesorera	Rosa M ^a Domínguez García
Vicetesorero	Manuel Velasco Graña
Vocal	Margarita Mariño Pérez
Vocal	Rosa Luengo
Vocal	Carmen Alonso Domínguez
Vocal	Nieves González Martínez
Vocal	Evelia Soto García
Vocal	Marisa Costas Fidalgo

.... Debate e aprobación, se procede, do Plan Xeral de Actividades do curso 2003/2004.

A presidenta expón as linas xerais de actuación para a directiva da ANPA no presente curso. De xeito particular, infórmase de que o **horario de atención ó público** será os martes e xoves das 17.45 ás 18.15, e o luns en horario de mañá das 8.45 ás 9.30. Tamén se comunica a tódolos presentes que a Anpa dispón dunha **dirección de correo** (anpafleming@yahoo.es) e que se está a crear unha **páxina web en internet** (<http://es.geocities.com/anpafleming/>).

....Orzamento do curso 2003-2004

Apróbase por unanimidade, tras facer as aclaracións pertinentes sobre algunhas partidas de ingresos e de gastos. Axuntase copia a esta acta.

....Asuntos varios. Informe sobre as obras do colexio novo e valoración da asemblea e outros.

A comisión encargada do seguimento das obras comunica a tódolos presentes que no DOGA de hoxe, 19 de novembro de 2003, anúnciase, *polo sistema de concurso de procedemento aberto, a obra de reposición do CEP Dr. Fleming de Vigo*. Todos están de acordo en que este é un paso importante, pero aínda quedan algúns trámites para que se inicien as obras e varios pais amosan na asemblea a súa inquietude, e manifestan que non están dispostos a aceptar a posibilidade de que non estean rematado o novo colexio cando comece o próximo curso, en setembro do ano 2004.

Cambios no transporte dos alumnos que se desprazan ó colexio Virxe do Rocío. O novo sistema de transporte, que establece varias liñas de autobuses, está sendo do agrado dos pais, porque a maioría dos rapaces teñen a parada máis cerca da súa casa que cando todos collían os autobuses no colexio. Felicítase ás persoas que se encargaron de estudar os percorridos dos autobuses e asignar a súa parada a cada alumno.

....Rogos e preguntas

Fálase de organizar un banco de libros usados no colexio, para danárllelos ós alumnos que o soliciten. Tamén se pensa en contactar con algunha ONG para enviar libros a outros países. Outra proposta é a recollida de xoguetes para o Nadal e entregárllelos a algunha asociación benéfica.

Tamén se di que sería boa cousa pedirllles ós profesores que abrisen o aulario uns minutos antes das 9 da mañá, para que os rapaces que veñan con irmáns que collen o autobús tivesen un sitio onde acollerse, sobre todo cando chove.

Sen máis asuntos que tratar, levántase á sesión ás 20.40 horas do 19 de Novembro de 2003.

Fdo. Blanca Campo Arroyo
Secretaria ANPA Doutor Fleming

Vº Bº Carmen Leboreiro
Presidenta